

DOMINGO 4 DO ADVENTO Ciclo A

PRIMEIRA Is 7, 10-14

Velaí a virxe concibirá

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Señor volveulle falar a Acaz nestes termos:

"Pide para ti un sinal de parte do Señor, o teu Deus, nas profundidades do Xeol ou arriba nas alturas".

Respondeu Acaz:

"Non o pido, pois non quero poñer a proba ao Señor".

Entón dixo Isaías:

"Escoitade vós, casa de David: Non vos é pouco dominar os homes, que aínda queredes dominar o meu Deus? Por isto, o meu Señor daravos El mesmo un sinal: Velaí a doncela: está en cinta e dá a luz un fillo, ao que lle pon de nome Deus-connosco

SAL. RESP. Sal 23, 1-2. 3-4ab. 5-6

R/ (7c e 10b): *Entrará o Señor: el é o rei da gloria*

Do Señor é a terra e canto a enche,
o orbe e canto nel habita.
El é quen a fundou sobre os mares
e quen a asegurou sobre as correntes.

Quen poderá subir ao monte do Señor?
Quen poderá quedar no seu santuario?
O que ten as mans limpas e puro o corazón,
o que non pon a mente en cousas vas

Ese recibirá do Señor bendición
e xustiza de Deus, o seu salvador.
Así é a liñaxe dos que o buscan,
dos que buscan a presenza do Deus de Xacob.

SEGUNDA Rm 1, 1-7

Xesús Cristo, descendente de David, Fillo de Deus

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS ROMANOS

Paulo, escravo de Cristo Xesús, chamado para ser apóstolo, escollido para o Evanxeo de Deus, que El prometera antes por medio dos seus profetas nas Escrituras santas, e que trata do seu Fillo Xesús Cristo o noso Señor, que como home naceu da semente de David, pero que polo Espírito santificador foi constituído Fillo de Deus con pleno poder ao ser resucitado dos mortos.

Por medio del recibimos o don de ser apóstolos, para promovermos entre todos os pobos xentís a obediencia da fe, en honor do seu nome. Entre eles tamén vos contades vós, chamados por Xesús Cristo. A todos os predilectos de Deus, que estades en Roma, chamados a serdes santos, deséxovos graza e paz de parte de Deus noso Pai e do Señor Xesús Cristo.

ALELUIA Mt 1, 23:

Velaí a virxe concibirá e parirá un fillo;
e chamaranlle Emmanuel, Deus Connosco

DOMINGO 4 DO ADVENTO Ciclo A

EVANXEO Mt 1, 18-24

Xesús nacerá de María, desposada con Xosé, fillo de David

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

O nacemento de Xesús Cristo foi así: María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo. Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle:

- Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñeraslle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de todos os seus pecados.

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixera o Señor por boca do profeta: Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo, e poñeranlle de nome Emmanuel (que quere dicir "Deus connosco").

Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo a súa prometida.